

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

20062 Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2009/74/CE da Comisión, do 26 de xuño, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/55/CE e 2002/57/CE do Consello, no que respecta aos nomes botánicos das plantas e aos nomes científicos doutros organismos, e determinados anexos das directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE e 2002/57/CE, á luz da evolución do coñecemento científico e técnico.

Estas directivas e as súas sucesivas modificacións xa foron incorporadas ao ordenamento xurídico interno, mediante o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986 e modificacións posteriores, e no que respecta ás sementes de plantas forraxeiras, mediante o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, obxecto de sucesivas modificacións.

Dado que estes regulamentos técnicos sufriron importantes modificacións durante estes anos e que a Directiva 2009/74/CE introduce igualmente amplas modificacións nos anexos, considerouse máis axeitado aprobar un novo Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.*

Aprobase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras co contido que figura no anexo desta disposición.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/74/CE, da Comisión do 26 de xuño de 2009, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/55/CE e 2002/57/CE do Consello, no que respecta aos nomes botánicos das plantas e aos nomes científicos doutros organismos, e determinados anexos das directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE e 2002/57/CE, á luz da evolución do coñecemento científico e técnico.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo a regulación relativa ás sementes importadas, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de decembro de 2010.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.

ANEXO

Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras

I. Especies suxeitas ao regulamento técnico

I.1 Quedan incluídas no ámbito de aplicación deste regulamento técnico as sementes de plantas das especies e variedades botánicas que figuran a seguir:

a) Poaceae (Gramineae):

Agrostis canina L.
 Agrostis capillaris L.
 Agrostis gigantea Roth.
 Agrostis stolonifera L.
 Alopecurus pratensis L.
 Arrhenatherum elatius (L.) P. Beauv. Ex. J.Presl e C. Presl.
 Cynodon dactylon (L.) Pers.
 Dactylis glomerata L.
 Festuca arundinacea Schreber.
 Festuca filiformis Pourr.
 Festuca ovina L.
 Festuca pratensis Huds.
 Festuca rubra L.
 Festuca trachyphylla (Hack.) Krajina.
 Lolium multiflorum Lam.
 Lolium perenne L.
 Lolium x boucheanum Kunth.
 Phalaris aquatica L.
 Phleum nodosum L.
 Phleum pratense L.
 Poa annua L.
 Poa memorialis (SIC nemoralis) L.
 Poa palustris L.
 Poa pratensis L.
 Poa trivialis L.
 Trisetum flavescens (L.) P. Beauv.
 xFestulolium Asch. e Graebn.

a) Gramíneas:

Agrostis canina.
 Agrostis común.
 Agrostis branca.
 Agrostis estolonífera.
 Rabo de raposa.
 Nocella.
 Grama.
 Dactilo.
 Festuca alta.
 Festuca ovina de folla fina.
 Festuca ovina.
 Festuca dos prados.
 Festuca vermella.
 Festuca dura.
 Ray-grass (incluído o Ray-grass Westerwold).
 Ray-grass inglés.
 Ray-grass híbrido.
 Falaris.
 Fleo pequeno.
 Fleo dos prados.
 Poa anual.
 Poa dos bosques.
 Poa dos pantanos.
 Poa dos prados.
 Poa común.
 Avea dourada.
 Híbridos resultantes do cruzamento dunha especie do xénero Festuca cunha especie do xénero Lolium.

b) Fabaceae (Leguminosae):

Galega orientalis Lam.
 Hedysarum coronarium L.
 Lathyrus sativus L.
 Lotus corniculatus L.

b) Leguminosas:

Galega forraxeira.
 Sula.
 Pedrelos.
 Trevo de cornos.

Lupinus albus L.	Tremoceiro branco.
Lupinus angustifolius L.	Tremoceiro de folla estreita.
Lupinus luteus L.	Tremoceiro amarelo.
Medicago lupulina L.	Lupulina.
Medicago sativa L.	Alfalfa.
Medicago x varia T. Martín.	Alfalfa da area.
Onobrychis viciifolia Scop.	Esparcela.
Pisum sativum L. (partim).	Chícharo forraxeiro.
Trifolium alexandrinum L.	Trevo de Alexandría.
Trifolium hybridum L.	Trevo híbrido.
Trifolium incarnatum L.	Trevo encarnado.
Trifolium pratense L.	Trevo violeta.
Trifolium repens L.	Trevo branco.
Trifolium resupinatum L.	Trevo persa.
Trigonella Foenum-graecum L.	Alforba.
Vicia ervilia (L.) Willd.	Ervellos bravos.
Vicia faba L. (partim).	Fabón forraxeiro.
Vicia monanthos Desf.	Ervellaca.
Vicia pannonica Crantz.	Veza húngara.
Vicia sativa L.	Veza común.
Vicia villosa Roth.	Veza pilosa.

c) Outras especies:

Brassica napus L. var. napobrassica (L.) Rchb.	Nabo de col.
Brassica oleracea L. convar. acephala (DC.) Alef. var. medullosa Thell. + var. viridis L.	Verza forraxeira, col forraxeira ou col cabalar.
Raphanus sativus L. var. oleiformis Pers.	Ravo forraxeiro.

I.2 Só se poderá denominar «semente» das plantas mencionadas no punto I.1 a que proceda de cultivos controlados polos servizos oficiais correspondentes e que se obtivese segundo as disposicións deste regulamento; da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e recursos fitoxenéticos, da Orde do 26 de xullo de 1973, pola que se aproba o Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, e modificacións posteriores e da Orde do 23 de maio de 1986, pola que se aproba o Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, e modificacións posteriores.

Tamén poderá recibir a denominación de «semente» a importada que cumpra os correspondentes requisitos legais.

II. Categoría de sementes

II.1 Admítense as seguintes categorías de sementes:

Material parental.
Semente de prebase (xeración anterior a semente de base).
Semente de base.
Semente certificada.
Semente comercial.

II.2 Especies para as cales se admite unicamente a produción de semente de base e certificada.

a) Gramineae:

Agrostis canina L.
Agrostis capillaris L.
Agrostis gigantea Roth.
Agrostis stolonifera L.

Alopecurus pratensis L.
Arrhenatherum elatius (L.) P. Beauv. Ex. J. Presl e C. Presl.
Dactylis glomerata L.
Festuca arundinacea Schreber.
Festuca ovina L.
Festuca pratensis Huds.
Festuca rubra L.
x*Festulolium* Asch. e Graebn.
Lolium multiflorum Lam.
Lolium perenne L.
Lolium x boucheanum Kunth.
Phleum nodosum L.
Phleum pratense L.
Poa nemoralis L.
Poa palustris L.
Poa pratensis L.
Poa trivialis L.
Trisetum flavescens (L.) P. Beauv.

b) Leguminosae:

Galega orientalis Lam.
Lotus corniculatus L.
Lupinus albus L.
Lupinus angustifolius L.
Lupinus luteus L.
Medicago lupulina L.
Medicago sativa L.
Medicago x varia T. Martyn.
Pisum sativum L.
Trifolium alexandrinum L.
Trifolium hybridum L.
Trifolium incarnatum L.
Trifolium pratense L.
Trifolium repens L.
Trifolium resupinatum L.
Vicia sativa L.
Vicia villosa Roth.
Vicia faba L. (partim).

c) Cruciferae:

Brassica napus L. var. *napobrassica* (L.) Rchb.
Brassica oleracea L. convar. *acephala* (DC.) Alef. var. *medullosa* Thell + var. *viridis* L.
Raphanus sativus L. var. *oleiformis* Pers.

II.3 Para as restantes especies non enumeradas en II.2 admítense tamén a categoría de semente comercial.

II.4 Para as sementes de *Lupinus* spp., *Pisum sativum*, *Vicia* spp. e *Medicago sativa* admitiranse sementes certificadas de ata segunda xeración e, para este efecto, consideraranse.

a) Sementes certificadas da primeira xeración, aquelas:

1.º Que procedan directamente de semente de base ou, por petición do obtentor, de sementes dunha xeración anterior a sementes de base, que cumpran as condicións establecidas para as sementes desta categoría.

2.º Que se destinen á produción de sementes certificadas de segunda xeración ou para fins distintos da produción de sementes de forraxeiras.

3.º Que cumpran as condicións establecidas para sementes certificadas.

b) Sementes certificadas de segunda xeración, aquelas:

1.º Que procedan directamente de sementes de base, de sementes certificadas de primeira xeración ou, por petición do obtentor, de sementes dunha xeración anterior a sementes de base que cumpran as condicións establecidas para sementes desta categoría.

2.º Que se destinen a fins distintos da produción de sementes de plantas forraxeiras.

3.º Que cumpran as condicións establecidas para sementes certificadas.

II.5 Non obstante o disposto no punto anterior, o organismo oficial responsable poderá restrinxir a certificación de sementes de *Lupinus spp.*, *Pisum sativum*, *Vicia spp.* e *Medicago sativa* ás sementes certificadas da primeira xeración.

III. Variedades admisibles á certificación

III.1 Tipos de variedades.

Admítense os seguintes tipos de variedades:

- a) Variedade comercial seleccionada.
- b) Variedade comercial local (cultivar, local ou ecotipo).

III.2 Rexións de orixe de ecotipos.

As rexións de orixe de ecotipos establécense para os efectos deste regulamento do seguinte modo:

1. *Medicago sativa* L.

1.1 Ecotipo mediterráneo: provincias de Alacant, Murcia e Valencia.

1.2 Ecotipo do Ampurdán: a rexión natural así denominada.

1.3 Ecotipo Aragón: Val do Ebro e os seus afluentes.

1.4 Ecotipo de Terra de Campos: a rexión deste nome nas provincias de León, Palencia, Valladolid e Zamora.

1.5 Ecotipo Alcoroches: a rexión deste nome nas provincias de Guadalajara, Teruel e Zaragoza.

2. *Hedysarum coronarium* L.

2.1 Ecotipo andaluz: provincias de Cádiz, Huelva e Sevilla.

2.2 Ecotipo balear: provincia de Balears.

3. *Onobrychis viciifolia* scop.

3.1 Ecotipo castelán-aragonés: provincias da meseta castelá e Aragón.

4. *Trifolium pratense* L.

4.1 Ecotipo do Condado: provincias de León e Palencia.

4.2 Ecotipo do Páramo: as comarcas naturais do Páramo, La Valduerna e Benavente, as provincias de León e Zamora.

III.3 Variedades comerciais admisibles para a certificación.

Nas especies para as cales se establecese unha lista española de variedades comerciais ou un catálogo común de variedades da Unión Europea só se poderán producir, para se presentaren á certificación oficial e se comercializaren, sementes de variedades incluídas neles, exceptuándose aquelas que se destinen exclusivamente á exportación ou aquelas especies para as cales se admitan a categoría de semente comercial e se precinten con esta categoría.

IV. Producción de sementes

IV.1 Requisitos das sementes.

As sementes obxecto deste regulamento deben cumprir os requisitos que se sinalan no anexo I.

IV.2 Requisitos xerais dos procesos de produción.

IV.2.1 Tamaño mínimo das parcelas: non existirá limitación en canto ao tamaño mínimo das parcelas dedicadas á produción de semente de base e de prebase, así como tampouco para as parcelas de produción de semente certificada de variedades de recente introdución.

O tamaño mínimo das parcelas de produción de semente da categoría que non sexa base, exceptuando o caso anterior, é media hectárea, excepto para as leguminosas de gran para penso, que é de dúas hectáreas.

IV.2.2 Cultivos anteriores: para poder repetir un cultivo para a produción de sementes de plantas forraxeiras da mesma especie sobre a mesma parcela deberá mediar un período mínimo de dous anos, contado a partir da data de recolección.

No caso de que se trate de especies diferentes que poidan afectar a pureza da semente non se poderán ter dedicado durante os dous anos anteriores ao establecemento do cultivo de sementes.

IV.2.3 Illamentos mínimos: os campos de produción de sementes gardarán, segundo categorías e superficies das parcelas, as distancias mínimas de illamento con outras fontes de pole susceptible de ocasionar unha polinización prexudicial, que a seguir se indican en metros:

Especies	Xeracións anteriores a semente base	Semente de base		Semente certificada	
		Ata 2 ha	Maior 2 ha	Ata 2 ha	Maior 2 ha
Ervellaca, chícharo, veza común, ervellos bravos, poas e galega	100	50	50	10	10
Nabo de col, verza forraxeira e ravo	500	400	400	200	200
Restantes especies	300	200	100	100	50

As distancias anteriormente indicadas poderán ser modificadas cando se utilice un medio de illamento que, a xuízo do servizo oficial de control correspondente, evite todo tipo de polinización indesexable.

IV.2.4 Pureza específica e varietal dos cultivos:

IV.2.4.1 Os cultivos deben presentar unha identidade e pureza varietal suficiente e cumprir en todo caso os seguintes requisitos en canto a pureza varietal.

Especies	Tipo de impurezas	Número máximo de plantas	
		Semente prebase e base (m2)	Semente certificada (m2)
Gramíneas (excepto Ray-grass) e xFestulolium.	Plantas claramente non conformes a variedade.	1/30	1/10
Leguminosas. Crucíferas. Ray-grass (spp.) e xFestulolium.	Planta dunha especie de Ray-grass non conforme a variedade de cultivo.	1/50	1/10

IV.2.4.2 Os cultivos deben cumprir os seguintes requisitos en canto a pureza específica.

Tolerancia de plantas doutras especies e outras variedades botánicas nos cultivos portagrás (máximo por área)

Especies	Tipo de impurezas	Semente de base e prebase	Semente certificada
Calquera gramínea	Calquera outra gramínea forraxeira diferente da cultivada	4	25
Calquera leguminosa	Gorga	0	0
	Herba toura (Orobanche spp.)	0	4
Medicago spp. e Galega spp.	Melilotos; trevo violeta; outras alfalfas ou melgas; Rumex spp.	4	20
	Fariñento (Chenopodium album) e Polygonum spp.	24	100
Trevo violeta	Melilotos; alfalfas e melgas; trevos espontáneos e Rumex spp.	4	20
Trevo branco	Melilotos; loto; Medicago lupulina, outros trevos e Polygonum spp.	4	100
Esparcela	Pimpinela (Sanguisorba spp.)	4	20
Chícharos, fabóns e vezas	Lathyrus spp; veza espontánea	4	20

IV.2.5 Estado dos cultivos:

O estado do cultivo deberá ser tal que permita o control da súa identidade e da súa pureza varietal.

Poderá ser causa de eliminación das parcelas destinadas á obtención de sementes a presenza de enfermidades transmisibles por semente, salvo nos casos en que se aplique un tratamento de eficacia comprobada para impedir tal transmisión.

IV.2.6 Parcelas de produción:

No caso de especies perennes, as parcelas de multiplicación poderanse manter en cultivo mentres se cumpran todas as exixencias deste regulamento.

No caso de ecotipos, a produción de sementes deberá ser realizada nas zonas delimitadas no punto III.2.

IV.3 Requisitos especiais para a produción de semente de base e prebase.

Nas variedades de obtentor, o método de conservación será o que figure no Rexistro de Variedades Comerciais de Plantas onde se inscribiu a variedade.

Nas variedades de obtentor non coñecido, os produtores que realicen a conservación seguirán as normas de selección varietal conservadora xeralmente admitida para a especie.

En calquera caso, o número de xeracións para obter a semente de base, a partir do material parental, non será superior a catro.

IV.4 Inspeccións de campo.

Todos os cultivos destinados a producir sementes de prebase, de base e certificada serán inspeccionados oficialmente, polo menos unha vez, no momento máis adecuado para verificar os requisitos especificados neste regulamento. A pureza varietal mínima examínase principalmente nas inspeccións de campo, conforme as condicións establecidas no anexo I. No caso dos cultivos destinados á produción de categoría certificada as inspeccións poderanse realizar baixo supervisión oficial.

IV.5 Declaracións de cultivo.

As declaracións de cultivo efectuaranse de acordo co punto 12 do Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, e deberán enviar aos servizos oficiais de control correspondentes, dentro dos vinte días seguintes ao remate das sementeiras ou transplantes.

En calquera caso, as datas límite de recepción segundo a época de sementeira serán as seguintes:

Sementeira de outono: 1 de decembro.

Sementeira de primavera: 1 de maio.

Calquera modificación da declaración de cultivo comunicárase dentro do prazo de vinte días de se ter producido.

Para as especies perennes, as declaracións de cultivo deberánse facer todos os anos antes do 1 de marzo, remitindo copia do orixinal da declaración de cultivo que no seu día se enviou aos servizos oficiais de control, con indicación das modificacións que se producen.

V. *Precintaxe de sementes*

V.1 Lotes.

Os lotes de sementes de categorías inferiores á de base poderán estar constituídos por sementes procedentes dunha ou varias parcelas da mesma zona.

V.2 Peso dos lotes de sementes.

O peso máximo dos lotes, así como o das mostras oficiais que se tomen, quedan reflectidos no anexo II.

V.3 Mesturas de sementes de plantas forraxeiras.

Poderanse comercializar mesturas de sementes de varios xéneros, especies ou variedades:

1.^a Que non vaian destinadas a un aproveitamento como plantas forraxeiras; as mesturas poderán conter sementes de plantas forraxeiras e de plantas non forraxeiras.

2.^a Que vaian destinadas a un aproveitamento como plantas forraxeiras; as mesturas poderán conter sementes de plantas forraxeiras e de plantas que estean incluídas nos regulamentos específicos de cereais, hortícolas e oleaxinosas e téxtiles, con excepción de variedades de gramíneas que, segundo declaración do obtentor, non sexan destinadas a uso forraxeiro.

3.^a Que vaian destinadas á preservación do medio natural, no marco da preservación dos recursos xenéticos; as mesturas poderán conter sementes de plantas forraxeiras e de plantas non forraxeiras.

Nos casos previstos nos ordinais primeiro e segundo deste punto, entenderase que os compoñentes das mesturas deben ter cumprido, antes do momento da mestura, as exigencias para a súa comercialización.

V.4 Para as especies incluídas neste regulamento será de aplicación o disposto nos puntos 26 a, 26 b e 26 c do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, referente a sementes non certificadas definitivamente e só nos casos en que procedan da multiplicación de sementes de categorías prebase, base ou certificadas.

VI. *Ensaio de poscontrol*

Todo produtor debe sementar en campos de poscontrol unha mostra de cada un dos lotes que precintase de semente de calquera categoría e que se destinen a unha nova multiplicación.

Cada mostra quedará sinalizada no campo mediante a correspondente táboa de identificación.

Os cultivos dos campos de control realizaranse de forma que as plantas quedan situadas en filas distanciadas como mínimo 30 centímetros. O tamaño mínimo das parcelas correspondentes a cada mostra será de tres filas de cinco metros. O número mínimo de plantas controladas será o suficiente para poder comprobar os requisitos exixidos e nunca inferior a 100.

Nas parcelas de control, inicialmente non se levará a cabo ningunha depuración, deberanse anotar as plantas fóra de tipo e enfermas e comunicar ao servizo oficial de control os resultados destas probas. Unha vez efectuada esta comunicación e comprobados os seus resultados, o produtor poderá proceder á súa depuración.

Os servizos oficiais de control realizarán probas de poscontrol de ámbito nacional, co obxecto de verificar o cumprimento dos requisitos especificados neste regulamento. Para tal fin, poderanse tomar mostras oficiais en calquera fase dos procesos de produción, acondicionamento, conservación e comercialización das sementes.

As sementes que se importen poderán ser obxecto de poscontrol oficial.

VII. *Produtores de sementes de plantas forraxeiras*

VII.1 Categorías de produtores de sementes.

Admítense as seguintes categorías de produtores:

Produtor obtentor.
Produtor seleccionador.
Produtor multiplicador.

VII.2 Requisitos.

Ademais das condicións que se especifican no título VII do Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, os produtores seleccionadores e multiplicadores deberán cumprir os seguintes requisitos:

Maquinaria e instalacións: disporase de maquinaria agrícola especial para a sementeira, o tratamento e a recolección das parcelas de produción de semente. Nas autorizacións para alfalfas e trevos exixírase dispoñer de polo menos unha máquina para eliminar gorga.

Instalacións de laboratorio: deberase dispor de instalacións de laboratorio suficientes para realizar as análises de pureza, xerminación, sanidade, humidade e ploidía, cando sexa necesario, de todas as sementes que produzan.

Capacidade das instalacións: a capacidade da maquinaria e instalacións será a necesaria para a manipulación mínima anual, por grupos de especies, das seguintes toneladas:

- a) Gramíneas forraxeiras e pratenses: 100.
- b) Leguminosas forraxeiras: 200.
- c) Leguminosas de gran: 1.000.
- d) As demais forraxeiras e pratenses: 50.

VIII. Comercialización

VIII.1 Reenvasado de sementes.

Non se admitirá o reenvasado de sementes de zulla, alfalfa, pedrelo, tremoceiro, esparcela, chícharo, alforba, veza, ervello bravo, fabón e ervellaca, calquera que sexa a súa categoría e o tipo de envasado empregado, sen que se proceda a unha nova precintaxe oficial.

Os produtores poderán reenvasar sementes de plantas forraxeiras de especies distintas ás que figuran no parágrafo anterior, para as distintas categorías de semente, sen que se proceda a unha nova precintaxe oficial. Os pesos por envase que se permitirán para a súa comercialización despois dun reenvasado autorizado, incluídas as mesturas de semente, serán como máximo de dez quilogramos.

Os produtores poderán reenvasar as sementes de plantas forraxeiras para uso exclusivo de céspede en envases de calquera tamaño ata un peso máximo de dous quilogramos.

Os produtores, baixo a súa responsabilidade, deberán colocar no reverso das etiquetas do produtor que acompañe cada envase un boletín numerado facilitado polos servizos oficiais de control.

O número de boletíns utilizados nos reenvasados será xustificado polo produtor mediante a entrega das etiquetas oficiais da precintaxe orixinal, que deberán permanecer no seu poder ata que sexan solicitados polo persoal inspector do servizo oficial de control correspondente.

O sistema de peche dos envases será tal que, unha vez abertos, non poidan ser utilizados novamente. Para os envases de material transparente poderase utilizar, se así o desexa o produtor, só unha etiqueta interior colocada de forma que se poida ler exteriormente. Neste último caso, así como cando o texto da etiqueta do produtor figure impreso no envase, o boletín será colocado directamente sobre este.

VIII.2 Pequenos envases.

Para efectos dos datos que deben figurar nas etiquetas do produtor enténdese por:

Pequenos envases CE-A: envases que conteñan unha mestura de sementes non destinadas a uso forraxeiro dun peso neto igual ou inferior a dous quilogramos, excluindo pesticidas granulados, substancias para encapsular ou outros aditivos sólidos.

Pequenos envases CE-B: envases que conteñan sementes certificadas, comerciais, ou cando non se trate de pequenos envases CEE-A, mesturas de sementes dun peso neto igual ou inferior a 10 quilogramos, excluindo pesticidas granulados, substancias para encapsular ou outros aditivos sólidos.

VIII.3 (en BOE 4.) Os lotes de semente que cumpran as condicións establecidas no anexo I deste regulamento, relativas á presenza de Avena fatua poderán, con independencia da etiqueta oficial e por petición do obtentor, levar un certificado oficial que dea fe do cumprimento destas condicións.

VIII.4 (en BOE VIII.4) Comercialización de semente certificada a granel.

Poderase comercializar semente de categoría certificada a granel, das especies: fabóns e fabonciños [Vicia faba (partim)] e chícharo [Pisum sativum (partim)], destinadas directamente ao consumidor final, sempre que se cumpran os requisitos establecidos nos puntos 40 e 40 bis do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.

ANEXO I

Requisitos das sementes

A. Semente certificada

1. As sementes posuirán unha identidade e pureza varietal suficientes.

As sementes das especies que se mencionan a seguir deberán ter unha pureza varietal mínima en porcentaxe de:

	<u>Porcentaxe</u>
Poa spp., variedades apomícticas monoclonais, Brassica napus var. napobrassica, Brassica oleracea convar. acephala (acephala var. medullosa + var. viridis)	
Raphanus sativus L. var. oleiformis Pers.	98
Pisum sativum e Vicia faba:	
Sementes certificadas de primeira reprodución	99
Sementes certificadas de segunda reprodución	98

2. As sementes deberán cumprir os requisitos de xerminación, pureza específica e contido en sementes doutras especies que se detallan a seguir:

Cadro 2.A Requisitos das sementes certificadas

Especies	Xerminación mínima (porcentaxe de sementes puras) (a)	Pureza específica					Número máximo de sementes doutras especies nunha mostra do peso indicado no anexo II	
		Pureza específica mínima (porcentaxe en peso)	Contido máximo de sementes doutras especies (porcentaxe en peso)				Rumex spp., excepto R. acetosella e R. maritimus	Cuscuta spp., Avena fatua, Avena ludoviciana, Avena sterilis
			Total	Unha soa especie	Elytrigia repens	Alopecurus myosuroides		
Gramíneas	1	2	3	4	5	6	7	8
Agrostis canina	75	90	2,0	1,0	0,3	0,3	2 (n)	0 (j)(k)
Agrostis capillaris	75	90	2,0	1,0	0,3	0,3	2 (n)	0 (j)(k)
Agrostis gigantea	75	90	2,0	1,0	0,3	0,3	2 (n)	0 (j)(k)
Agrostis stolonífera	75	90	2,0	1,0	0,3	0,3	2 (n)	0 (j)(k)
Alopecurus pratensis	70	75	2,5	1,0 (f)	0,3	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
Arrhenaterum elatius	75	90	3,0	1,0 (f)	0,5	0,3	5 (n)	0 (j) (k)(g)
Cynodon dactylon	70	90	2,0	1,0	0,3	0,3	2	0 (j)(k)
Dactylis glomerata	80	90	1,5	1,0	0,3	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
Festuca arundinacea	80	95	1,5	1,0	0,5	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
Festuca filiformis	75	85	2,0	1,0	0,5	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
Festuca ovina	75	85	2	1,0	0,5	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
Festuca pratensis	80	95	1,5	1,0	0,5	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
Festuca rubra	75	90	1,5	1,0	0,5	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
Festuca trachyphylla	75	85	2,0	1,0	0,5	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
x Festulolium	75	96	1,5	1,0	0,5	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
Lolium multiflorum	75	96	1,5	1,0	0,5	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
Lolium perenne	80	96	1,5	1,0	0,5	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
Lolium x boucheanum	75	96	1,5	1,0	0,5	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
Phalaris aquatica	75	96	1,5	1,0	0,3	0,3	5	0 (j)(k)
Phleum nodosum	80	96	1,5	1,0	0,3	0,3	5	0 (k)
Phleum pratense	80	96	1,5	1,0	0,3	0,3	5	0 (k)
Poa annua	75	85	2,0 (c)	1,0 (c)	0,3	0,3	5 (n)	0 (j)(k)
Poa nemoralis	75	85	2 (c)	1 (c)	0,3	0,3	2 (n)	0 (j)(k)
Poa palustris	75	85	2 (c)	1 (c)	0,3	0,3	2 (n)	0 (j)(k)
Poa pratensis	75	85	2 (c)	1 (c)	0,3	0,3	2 (n)	0 (j)(k)
Poa trivialis	75	85	2 (c)	1 (c)	0,3	0,3	2 (n)	0 (j)(k)
Trisetum flavescens	70	75	3	1 (f)	0,3	0,3	2 (n)	0 (j)(k)(h)

Especies	Xerminación mínima (porcentaxe) (a) (b)	Pureza específica				Número máximo de sementes doutras especies nunha mostra do peso indicado no anexo II	
		Pureza específica mínima (porcentaxe en peso)	Contido máximo de sementes doutras especies (porcentaxe en peso)			Rumex spp., excepto R. acetosella e R. maritimus	Cuscuta spp., Avena fatua, Avena sterilis
			Total	Unha soa especie	Melilotus spp.		
Leguminosas	1	2	3	4	9	7	8
Galega orientalis	60 (40)	97	2,0	1,5	0,3	10 (n)	0 (1)(m)
Hedysarum coronarium	75 (30)	95	2,5	1,0	0,3	5	0 (k)
Lathyrus sativus	80	95	1,0	0,5	0,3	5	0 (i)(j)(n)
Lotus corniculatus	75 (40)	95	1,8 (d)	1,0 (d)	0,3	10	0 (l)(m)
Lupinus albus (ou) (p)	80 (20)	98	0,5 (e)	0,3 (e)	0,3	5 (n)	0 (i)(j)

Especies	Xerminación mínima (porcentaxe) (a) (b)	Pureza específica				Número máximo de sementes doutras especies nunha mostra do peso indicado no anexo II	
		Pureza específica mínima (porcentaxe en peso)	Contido máximo de sementes doutras especies (porcentaxe en peso)			Rumex spp., excepto R. acetosella e R. maritimus	Cuscuta spp., Avena fatua, Avena sterilis
			Total	Unha soa especie	Melilotus spp.		
Leguminosas	1	2	3	4	9	7	8
Lupinus angustifolius (ou) (p)	75 (20)	98	0,5 (e)	0,3 (e)	0,3	5 (n)	0 (i)(j)
Lupinus luteus (ou) (p)	80 (20)	98	0,5 (e)	0,3 (e)	0,3	5 (n)	0 (i)(j)
Medicago lupulina	80 (20)	97	1,5	1,0	0,3	10	0 (i)(m)
Medicago sativa	80 (40)	97	1,5	1,0	0,3	10	0 (i)(m)
Medicago x varia	80 (40)	97	1,5	1,0	0,3	10	0 (i)(m)
Onobrychis viciifolia	75 (20)	95	2,5	1,0	0,3	5	0 (j)
Pisum sativum	80	98	0,5	0,3	0,3	5 (n)	0 (j)
Trifolium alexandrinum	80 (20)	97	1,5	1,0	0,3	10	0 (l)(m)
Trifolium hybridum	80 (20)	97	1,5	1,0	0,3	10	0 (l)(m)
Trifolium incarnatum	75 (20)	97	1,5	1,0	0,3	10	0 (l)(m)
Trifolium pratense	80 (20)	97	1,5	1,0	0,3	10	0 (l)(m)
Trifolium repens	80 (40)	97	1,5	1,0	0,3	10	0 (l)(m)
Trifolium resupinatum	80 (20)	97	1,5	1,0	0,3	10	0 (l)(m)
Trigonella foenumgraecum	80	95	1	0,5	0,3	5	0 (j)
Vicia ervilia	85 (20)	98	1 (e)	0,5 (e)	0,3	5	0 (i)(j)
Vicia faba	80 (5)	98	0,5	0,3	0,3	5 (n)	0 (j)
Vicia monanthos	85 (20)	98	1 (e)	0,5 (e)	0,3	5	0 (i)(j)
Vicia pannonica	85 (20)	98	1 (e)	0,5 (e)	0,3	5 (n)	0 (i)(j)
Vicia sativa	85 (20)	98	1 (e)	0,5 (e)	0,3	5 (n)	0 (i)(j)
Vicia villosa	85 (20)	98	1 (e)	0,5 (e)	0,3	5 (n)	0 (i)(j)

Especies	Xerminación mínima (porcentaxe) (a)	Pureza específica					Número máximo de sementes doutras especies nunha mostra do peso indicado no anexo II	
		Pureza específica mínima (porcentaxe en peso)	Contido máximo de sementes doutras especies (porcentaxe en peso)				Rumex spp., excepto R. acetosella e R. maritimus	Cuscuta spp., Avena fatua, Avena sterilis
			Total	Unha soa especie	Raphanus raphanistrum	Sinapis arvensis		
Outras especies	1	2	3	4	10	11	7	8
Brassica napus var. napobrassica	80	98	1,0	0,5	0,3	0,3	5	0 (j)(k)
Brassica oleracea convar. acephala (acephala var. medullosa + var. viridis)	75	98	1,0	0,5	0,3	0,3	10	0 (j)(k)
Raphanus sativus var. oleiformis	80	97	1,0	0,5	0,3	0,3	5	0 (j)

Normas e outras condicións aplicables cando se fai referencia ao cadro 2.A sobre requisitos das sementes certificadas:

(a) Todas as sementes frescas e sas que non xerminen despois dun pretratamento consideraranse sementes xerminadas.

(b) O número entre parénteses indica, con relación ás sementes puras, a porcentaxe máxima de sementes duras que se deberán considerar como sementes susceptibles de xerminaren.

(c) Non se considerará impureza unha cantidade máxima total dun 0,8 por 100 en peso de sementes doutras especies de *Poa*.

(d) Non se considerará impureza unha cantidade máxima total dun 1 por 100 en peso de sementes de *Trifolium pratense*.

(e) Unha cantidade máxima total dun 0,5 por 100 en peso de sementes de *Lupinus albus*, *Lupinus angustifolius*, *Lupinus luteus*, *Pisum sativum*, *Vicia faba*, *Vicia pannonica*, *Vicia sativa*, *Vicia villosa*, *Vicia ervilia* e *Vicia monanthos* en calquera destas especies non se considerará impureza.

(f) A porcentaxe máxima en peso fixada para sementes dunha soa especie non se aplicará ás sementes de *Poa* spp.

(g) Unha cantidade máxima total de dúas sementes de *Avena fatua* e *Avena sterilis* nunha mostra do peso indicado no anexo II non se considerará impureza se unha segunda mostra do mesmo peso está exenta de sementes destas especies.

(h) A presenza dunha semente de *Avena fatua* e *Avena sterilis* nunha mostra do peso indicado no anexo II non se considerará impureza, se unha segunda mostra dun peso igual a dúas veces o indicado está exenta de sementes destas especies.

(i) A contaxe das sementes de *Avena fatua* e *Avena sterilis* non se realizará a non ser que haxa dúbida de que cumpran o fixado na columna 8.

(j) A contaxe das sementes de *Cuscuta* non se realizará a non ser que haxa dúbida de que cumpran o fixado na columna 8.

(k) A presenza dunha semente de *Cuscuta* spp. nunha mostra do peso indicado no anexo II non se considerará impureza, se unha segunda mostra do mesmo peso está exenta.

(l) O peso da mostra para a contaxe de sementes de *Cuscuta* spp. será dúas veces o peso indicado no anexo II para a especie correspondente.

(m) A presenza dunha semente de *Cuscuta* spp. na mostra do peso prescrito no anexo II non se considerará impureza, se unha segunda mostra de dúas veces este peso está exenta.

(n) A contaxe das sementes doutros *Rumex* spp. que non sexan *R. acetosella* e *maritimus* non se realizará a non ser que haxa dúbida de que cumpran o fixado na columna 7.

(o) A porcentaxe en número de sementes de tremoceiro de distinta cor non excederá:

Dúas para o tremoceiro amargo.

Unha para os tremoceiros non amargos.

(p) Nas variedades que non sexan de tremoceiro amargo a porcentaxe en número de sementes de tremoceiro amargo non excederá o 2,5 por 100.

3. A presenza de organismos prexudiciais, que puidesen reducir o valor de utilización das sementes, non se tolerará máis que nos límites máis baixos posibles.

B. Sementes de base

Os requisitos das sementes do anexo I.A aplicaranse tamén ás sementes de base coas disposicións que se citan a seguir:

1. As sementes de *Pisum sativum*, *Brassica napus* var. *napobrassica*, *Brassica oleracea* convar. *acephala*, *Vicia faba* e as variedades apomícticas monoclonais de *Poa* spp. terán unha pureza varietal mínima de 99,7 por 100.

2. As sementes deberán cumprir os requisitos seguintes:

Cadro 2.B) Requisitos das sementes de base

Especies	Contido máximo de sementes doutras especies de plantas					Outras normas e condicións
	Total (porcentaxe en peso)	Número máximo de sementes doutras especies na mostra indicada no anexo II				
		Unha soa especie	Rumex spp., excepto R. acetosella e R. maritimus	Elytrigia repens	Alopecurus myosuroides	
Gramíneas	3	4	5	6	7	8
Agrostis canina	0,3	20	1	1	1	(j)
Agrostis capillaris	0,3	20	1	1	1	(j)
Agrostis gigantea	0,3	20	1	1	1	(j)
Agrostis stolonifera	0,3	20	1	1	1	(j)
Alopecurus pratensis	0,3	20 (a)	2	5	5	(j)
Arrhenaterum elatius	0,3	20 (a)	2	5	5	(i)(j)
Cynodon dactylon	0,3	20 (a)	1	1	1	(j)
Dactylis glomerata	0,3	20 (a)	2	5	5	(j)
Festuca arundinacea	0,3	20 (a)	2	5	5	(j)
Festuca filiformis	0,3	20 (a)	2	5	5	(j)
Festuca ovina	0,3	20 (a)	2	5	5	(j)
Festuca pratensis	0,3	20 (a)	2	5	5	(j)
Festuca rubra	0,3	20 (a)	2	5	5	(j)
Festuca trachyphylla	0,3	20 (a)	2	5	5	(j)
x Festulolium	0,3	20 (a)	2	5	5	(j)
Lolium multiflorum	0,3	20 (a)	2	5	5	(j)
Lolium perenne	0,3	20 (a)	2	5	5	(j)
Lolium x boucheanum	0,3	20 (a)	2	5	5	(j)
Phalaris aquatica	0,3	20	2	5	5	(j)
Phleum nodosum	0,3	20	2	1	1	(j)
Phleum pratense	0,3	20	2	1	1	(j)
Poa annua	0,3	20 (b)	1	1	1	(f)(j)
Poa nemoralis	0,3	20 (b)	1	1	1	(f)(j)
Poa palustris	0,3	20 (b)	1	1	1	(f)(j)
Poa pratensis	0,3	20 (b)	1	1	1	(f)(j)
Poa trivialis	0,3	20 (b)	1	1	1	(f)(j)
Trisetum flavescens	0,3	20 (c)	1	1	1	(i)(j)

Especies	Contido máximo de sementes doutras especies				Outras normas e condicións
	Total (porcentaxe en peso)	Número máximo de sementes doutras especies na mostra indicada no anexo II			
		Unha soa especie	Rumex spp., excepto R. acetosella e R. maritimus	Melilotus spp.	
Leguminosas	3	4	5	9	8
Galega orientalis	0,5	20	2	0 (e)	(j)
Hedysarum coronarium	0,3	20	2	0 (e)	(j)
Lathyrus sativus	0,3	20	2	0 (d)	(h)
Lotus corniculatus	0,3	20	3	0 (e)	(g)(j)
Lupinus albus	0,3	20	2	0 (d)	(h)(k)

Especies	Contido máximo de sementes doutras especies				Outras normas e condicións
	Total (porcentaxe en peso)	Número máximo de sementes doutras especies na mostra indicada no anexo II			
		Unha soa especie	Rumex spp., excepto R. acetosella e R. maritimus	Melilotus spp.	
Leguminosas	3	4	5	9	8
Lupinus angustifolius	0,3	20	2	0 (d)	(h)(k)
Lupinus luteus	0,3	20	2	0 (d)	(h)(k)
Medicago lupulina	0,3	20	5	0 (e)	(j)
Medicago sativa	0,3	20	3	0 (e)	(j)
Medicago x varia	0,3	20	3	0 (e)	(j)
Onobrychis viciifolia	0,3	20	2	0 (d)	
Pisum sativum	0,3	20	2	0 (d)	
Trifolium alexandrinum	0,3	20	3	0 (e)	(j)
Trifolium hybridum	0,3	20	3	0 (e)	(j)
Trifolium incarnatum	0,3	20	3	0 (e)	(j)
Trifolium pratense	0,3	20	5	0 (e)	(j)
Trifolium repens	0,3	20	5	0 (e)	(j)
Trifolium resupinatum	0,3	20	3	0 (e)	(j)
Trigonella foenumgraecum	0,3	20	2	0 (d)	
Vicia ervilia	0,3	20	2	0 (d)	(h)
Vicia faba	0,3	20	2	0 (d)	
Vicia monanthos	0,3	20	2	0 (d)	(h)
Vicia pannonica	0,3	20	2	0 (d)	(h)
Vicia sativa	0,3	20	2	0 (d)	(h)
Vicia villosa	0,3	20	2	0 (d)	(h)

Especies	Contido máximo de sementes doutras especies			Outras normas e condicións
	Total (porcentaxe en peso)	Número máximo de sementes doutras especies na mostra indicada no anexo II		
		Unha soa especie	Rumex spp., excepto R. acetosella e R. maritimus	
Outras	3	4	5	8
Brassica napus var. napobrassica	0,3	20	2	(j)
Brassica oleracea convar. acephala (acephala var. medullosa + var. viridis)	0,3	20	3	(j)
Raphanus sativus var. oleiformis	0,3	20	2	

Normas e outras condicións aplicables cando se fai referencia ao cadro 2.B sobre requisitos das sementes de base:

Para as sementes de base aplícanse os requisitos previstos para as sementes certificadas, con reserva das disposicións que se citan a seguir:

- (a) Non se considerará impureza unha cantidade máxima total de 80 sementes de *Poa* spp.
- (b) A condición fixada na columna 4 non se aplicará ás sementes de *Poa* spp.; a cantidade máxima total en sementes de *Poa* spp. doutra especie que non sexa a examinada non debe exceder 1 nunha mostra de 500 sementes.

- (c) Non se considerará impureza unha cantidade máxima total de 20 sementes de *Poa* spp.
 (d) A contaxe das sementes de *Melilotus* spp. non se efectuará a non ser que haxa dúbida de que se cumpra o indicado na columna 9.
 (e) A presenza dunha semente de *Melilotus* spp. nunha mostra do peso indicado no anexo II non se considerará impureza se unha segunda mostra de dúas veces este peso está exenta.
 (f) Non se aplicará o requisito (c) do cadro 2.A.
 (g) Non se aplicará o requisito (d) do cadro 2.A.
 (h) Non se aplicará o requisito (e) do cadro 2.A.
 (i) Non se aplicará o requisito (f) do cadro 2.A.
 (j) Non se aplicarán os requisitos (k) e (m) do cadro 2.A.
 (k) Nas variedades que non sexan de tremoceiro amargo, a porcentaxe en número de sementes de tremoceiro amargo non excederá 1.

C. Requisitos das sementes comerciais

Os requisitos do anexo I: A, puntos 2 e 3, aplicaranse ás sementes comerciais, coas disposicións complementarias que se citan a seguir:

- As porcentaxes en peso fixadas nas columnas 3 e 4 do cadro 2.A aumentaranse en 1.
- Para *Poa annua*, un 10 por 100 en peso de sementes doutras especies de *Poa* non se considerará impureza.
- Para as especies de *Poa*, exceptuando *Poa annua*, un 3 por 100 en peso de sementes doutras especies de *Poa* non se considerará impureza.
- Para *Hedysarum coronarium* non se considerará impureza unha cantidade máxima total dun 1 por 100 en peso de sementes de *Melilotus* spp.
- Para *Lotus corniculatus* non se aplicará a condición (d) indicada no cadro 2.A.
- Para as especies de *Vicia*, unha cantidade máxima total do 6 por 100 en peso de sementes de *Vicia pannonica* e *Vicia villosa* ou de especies similares cultivadas deste xénero non se considerará impureza.
- A pureza específica mínima para *Vicia pannonica*, *Vicia ervilia* e *Vicia monanthos* será do 97 por 100 en peso.

ANEXO II

Pesos dos lotes e das mostras

Especies	Peso máximo do lote, en t	Peso mínimo da mostra que se vaia tomar dun lote, en g	Peso da mostra para realizar as contaxes que se especifican no anexo I, en g
Gramíneas:			
<i>Agrostis canina</i>	10	50	5
<i>Agrostis capillaris</i>	10	50	5
<i>Agrostis gigantea</i>	10	50	5
<i>Agrostis stolonifera</i>	10	50	5
<i>Alopecurus pratensis</i>	10	100	30
<i>Arrhenatherum elatius</i>	10	200	80
<i>Cynodon dactylon</i>	10	50	5
<i>Dactylis glomerata</i>	10	100	30
<i>Festuca arundinacea</i>	10	100	50
<i>Festuca filiformis</i>	10	100	30
<i>Festuca ovina</i>	10	100	30
<i>Festuca pratensis</i>	10	100	50
<i>Festuca rubra</i>	10	100	30
<i>Festuca trachyphylla</i>	10	100	30
x <i>Festulolium</i>	10	200	60

Especies	Peso máximo do lote, en t	Peso mínimo da mostra que se vaia tomar dun lote, en g	Peso da mostra para realizar as contaxes que se especifican no anexo I, en g
Lolium multiflorum	10	200	60
Lolium perenne	10	200	60
Lolium x boucheanum	10	200	60
Phalaris aquatica	10	100	50
Phleum nododum	10	50	10
Phleum pratense	10	50	10
Poa annua	10	50	10
Poa nemoralis	10	50	5
Poa palustris	10	50	5
Poa pratensis	10	50	5
Poa trivialis	10	50	5
Trisetum flavescens	10	50	5
Leguminosas:			
Galega orientalis	10	250	200
Hedysarum coronarium:			
– Froito	10	1.000	300
– Semente	10	400	120
Lathyrus sativus	20	1.000	1.000
Lotus corniculatus	10	200	30
Lupinus albus	25	1.000	1.000
Lupinus angustifolius	25	1.000	1.000
Lupinus luteus	25	1.000	1.000
Medicago lupulina	10	300	50
Medicago sativa	10	300	50
Medicago x varia	10	300	50
Onobrychis vicifolia:			
– Froito	10	600	600
– Semente	10	400	400
Pisum sativum	30	1.000	1.000
Trifolium alexandrinum	10	400	60
Trifolium hybridum	10	200	20
Trifolium incarnatum	10	500	80
Trifolium pratense	10	300	50
Trifolium repens	10	200	20
Trifolium resupinatum	10	200	20
Trigonella foenumgraecum	10	500	450
Vicia ervilia	20	1.000	1.000
Vicia faba	30	1.000	1.000
Vicia monanthos	30	1.000	1.000
Vicia pannonica	20	1.000	1.000
Vicia sativa	30	1.000	1.000
Vicia villosa	30	1.000	1.000
Outras especies:			
Brassica napus var napobrassica	10	200	100
Brassica oleracea conv acephala	10	200	100
Raphanus sativus L var oleiformis	10	300	300

Nos pesos máximos dos lotes admítense unha tolerancia de ata o 5 por 100.

ANEXO III

Etiquetas

A) Indicacións das etiquetas oficiais:

a) Para as sementes de categoría prebase, base e certificada:

«Regras e normas CE».

«Nome do organismo oficial de certificación» e «España».

Número de lote.

Mes e ano de precintaxe.

Especie, indicada polo menos co seu nome botánico, en caracteres latinos, que se poderá citar de forma abreviada e sen os nomes dos autores. No caso de xFestulolium, indícaranse os nomes das especies dos xéneros Festuca e Lolium.

Variedade, indicada polo menos en caracteres latinos.

Categoría.

País de produción

Peso neto ou bruto, con indicación de cal se trata ou número de sementes puras.

Outras indicacións:

Para as sementes certificadas de segunda reprodución ou de reproducións sucesivas a partir da semente de base indícarase o número de xeracións a partir da semente de base.

Para as sementes de variedades de gramíneas en que para a súa inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais de Plantas non se realizasen ensaios de valor agronómico indícarase: «non destinadas a seren utilizadas como plantas forraxeiras».

b) Para as sementes de categoría comercial:

«Regras e normas CE».

«Semente comercial» (non certificadas para a variedade).

«Nome do organismo oficial de certificación» e «España».

Número de lote.

Mes e ano de precintaxe.

Especie ⁽¹⁾, indicada polo menos en caracteres latinos.

Rexión de produción.

Peso neto ou peso bruto, con indicación de cal se trata ou número de sementes puras.

c) Para mestura de sementes:

«Mestura de sementes para...» (utilización prevista).

«Nome do organismo oficial de certificación» e «España».

Número de lote.

Mes e ano de precintaxe.

Proporción en peso dos diferentes compoñentes da mestura indicados por especies e, de ser o caso, por variedades, ambos polo menos en caracteres latinos. No caso de xFestulolium, indícaranse os nomes das especies dos xéneros Festuca e Lolium. Abonda mencionar a denominación da mestura, se se dá por escrito a composición desta ao comprador, e se esa denominación da correspondente mestura se rexistrou oficialmente.

⁽¹⁾ Para o tremoceiro indícarase se se trata de tremoceiro amargo ou doce.

Indicacións complementarias en todas as etiquetas oficiais:

No caso en que se indique o peso e se empreguen pesticidas granulados, substancias para encapsular ou outros aditivos sólidos, deberase indicar a natureza do aditivo, así como a relación aproximada entre o peso de sementes puras e o peso total.

Se se realiza un novo ensaio de xerminación, poderase indicar este mediante un boletín adhesivo oficial sobre a etiqueta mencionando o servizo oficial responsable da análise, así como o mes e o ano en que se realizou.

B) Indicacións das etiquetas do produtor ou inscricións no envase (pequenos envases CE).

a) Para as sementes de categoría certificada:

Pequenos envases CE B.

Nome e enderezo do produtor ou a súa identificación composta polas súas iniciais aprobadas e o seu número de produtor.

Número de control oficial do reenvasado.

«Nome do organismo oficial de certificación» e «España».

Número de lote.

Especie, indicada polo menos en caracteres latinos.

Variedade, indicada polo menos en caracteres latinos.

Semente certificada.

Peso neto ou bruto, con indicación de cal se trata ou número de sementes puras.

Para as sementes de variedades de gramíneas en que para a súa inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais de Plantas ou no Catálogo Común da Unión Europea non se realizasen ensaios de valor agronómico, indicárase: «non destinadas a seren utilizadas como plantas forraxeiras».

b) Para as sementes de categoría comercial:

Pequenos envases CE B.

Nome e enderezo do produtor ou a súa identificación composta polas súas iniciais aprobadas e o seu número de produtor.

Número de control oficial de reenvasado.

«Nome do organismo oficial de certificación» e «España».

Número de lote.

Especie (1) indicada polo menos en caracteres latinos.

Semente comercial.

Peso neto ou peso bruto, con indicación de cal se trata ou número de sementes puras.

c) Para as mesturas de sementes:

«Pequeno envase CE A» ou «Pequeno envase CE B»

Nome e enderezo do produtor ou a súa identificación composta polas súas iniciais aprobadas e o seu número de produtor.

Números de lote.

Pequeno envase CE A ou B: número de control oficial de reenvasado.

Pequeno envase CE B: «Nome do organismo oficial de certificación» e «España».

Pequeno envase CE A: «España».

Mestura de sementes para:... (utilización prevista).

Peso neto ou peso bruto, con indicación de cal se trata ou número de sementes puras.

(1) Para o tremoceiro indicárase se se trata de tremoceiro amargo ou doce.

Proporción en peso dos diferentes compoñentes da mestura indicados por especies e, de ser o caso, por variedades, ambos polo menos en caracteres latinos. Abonda mencionar a denominación da mestura, se se lle dá por escrito a composición desta ao comprador, e se esa denominación da correspondente mestura se rexistrou oficialmente.

Indicacións complementarias en todas as etiquetas do produtor:

Se as sementes foron tratadas con algún produto, indicárase a materia activa deste e a súa posible toxicidade.

No caso en que se indique o peso e se empreguen pesticidas granulados, substancias para encapsular ou outros aditivos sólidos, deberáse indicar a natureza do aditivo, así como a relación aproximada entre o peso de sementes puras e o peso total.

ANEXO IV

Duración máxima das precintaxes de sementes forraxeiras

IV.1 Todos os lotes de sementes deberán ser sometidos a unha toma de mostras polos servizos oficiais de control, para comprobar a facultade xerminativa das sementes cando transcorresen os períodos que se citan a seguir, contados a partir da data da súa primeira precintaxe:

Especies ou grupos de especies	Anos
Gramíneas forraxeiras	2
Medicago sp	3
Trifolium sp	3
Vicia sp	3
Pisum sp	2
Outras leguminosas forraxeiras	2
Crucíferas forraxeiras	3

IV.2 No caso de mesturas de sementes, o prazo de validez será o correspondente á compoñente da mestura que o teña menor.

IV.3 Unha vez realizada a toma de mostras citada no punto IV.1 os prazos de validez indicados quedarán reducidos a un ano para as sucesivas tomas de mostras e para todas as especies.

IV.4 Nas etiquetas oficiais deberá figurar a data de precintaxe ou o prazo límite de validez desta.

A validez máxima de aptitude para a venda aos usuarios das partidas de sementes vendidas en firme polos produtores e en poder de comerciantes estará de acordo co cadro do punto IV.1 deste anexo.